

Exposición

O Castelo de Santa Cruz na paisaxe fortificada do Baixo Miño



*Apertura ó público do
Centro de Interpretación do Castelo de Santa Cruz
venres, 8 de xullo de 2016*



Concello de
A Guarda



A exposición permanente “O Castelo de Santa Cruz na paisaxe fortificada do Baixo Miño” naceu co obxectivo a dotar de contidos o centro de interpretación do Castelo de Santa Cruz na Guarda (Pontevedra), un espazo fortificado, localizado no extremo oeste da fronteira luso galaica, que foi recentemente rehabilitado e posto en valor, o que implicou a súa recuperación para as veciñas e veciños guardeses e todos aqueles visitantes que se queiran achegar ao mesmo.

Esta exposición foi unha iniciativa do Concello da Guarda, promovido polo mesmo concello, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra, e na súa elaboración participou un equipo interdisciplinar de profesionais expertos en diferentes campos patrimoniais e pertencentes a distintas institucións.

Localízase na parte alta do centro de interpretación e componse de sete torres retroiluminadas que dan soporte a catorce paneis centrados, fundamentalmente, na fortificación da fronteira miñota durante época moderna e na contextualización histórica da vila da Guarda. Articúlase en tres bloques temáticos situados na planta alta do edificio.

O panel I contén a presentación do exposición.

O Bloque I, composto polos paneis de cor azul, céntrase na contextualización histórica e xeográfica da temática da exposición, facendo un percorrido polo fenómeno da Guerra da Restauração Portuguesa (1640-1668), pola tipoloxía das fortificacións que se constrúen en época moderna na fronteira miñota, polo exército moderno e polo espazo xeográfico.

O Bloque II, integrado polos paneis de cor berenxena, céntrase na vila da Guarda e a súa defensa. Neles cóntase unha historia breve da vila, a evolucións das fortificacións dende a Idade do ferro ata a época moderna, a historia e construción do propio Castelo de Santa Cruz e a súa integración no conxunto defensivo xerado en ambas as dúas marxes do río Miño durante a Guerra da Restauração.

O Bloque III, integrado polos paneis verdes, fai un percorrido pola paisaxe defensiva de época moderna na fronteira miñota. Os paneis analizan a articulación das fortificacións en conxunto defensivo ao longo da raia, trátanse de maneira pormenorizada algúns destes conxuntos e péchase cunha análise de toda a paisaxe.

Ficha Técnica

Comisaria da exposición: Rebeca Blanco-Rotea, Síncrisis, USC

Dirección científica: Rebeca Blanco-Rotea

Deseño gráfico e maquetación: Anxo Rodríguez Paz, Incipit, CSIC

Asesor científico: Felipe Criado-Boado, Incipit, CSIC

Textos: Rebeca Blanco-Rotea, Leonardo González Pérez, Valentín Álvarez Martínez


Eduardo Blanco Linares: Debuxos de infantería e cabalería

Montaxe expositivo: Anxo Rodríguez Paz, Rebeca Blanco-Rotea, Francisco Alonso Toucido

Promotores da exposición: Concello da Guarda; Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia; Deputación de Pontevedra

Planta Baixa

O Castelo de Santa Cruz na paisaxe fortificada do Baixo Miño



A exposición do centro de interpretación do Castelo de Santa Cruz, artículase en tres bloques temáticos situados na planta alta do edificio:

O **Bloque I** céntrase na contextualización histórica e xeográfica dos contidos da exposición, cun percorrido polo fenómeno da Guerra da Restauración Portuguesa (1640-1668), pola tipoloxía das fortificacións que se constrúen neste período, polo exército moderno e polo espazo xeográfico.

O **Bloque II** céntrase na vila da Guarda e a súa defensa. Cómtese unha historia breve da vila, a evolución das fortificacións dende a Idade do Ferro ata a época moderna, a historia e construción do propio Castelo de Santa Cruz e a súa integración no conxunto defensivo construído en ambas as dúas marxes do río Miño durante a Guerra da Restauración.

O **Bloque III** fai un percorrido pola paisaxe defensiva de época moderna na fronteira miñota. Os paneis analizan a articulación das fortificacións en conxuntos defensivos, trátanse de maneira pormenorizada algúns destes conxuntos e péchase cunha análise de toda a paisaxe.

Comisaria da exposición: Rebeca Blanco-Rotea, Sincrisis, USC

Dirección científica: Rebeca Blanco-Rotea

Deseño gráfico e maquetación: Anxo Rodríguez Paz, Incipit, CSIC

Asesor científico: Felipe Criado-Boado, Incipit, CSIC

Textos: Rebeca Blanco-Rotea, Leonardo González Pérez, Valentín Álvarez Martínez

Fotografías: Rebeca Blanco-Rotea, Sonia García Rodríguez, R. Buch, Terra Arqueos S.L., Google Maps

Debuxos de infantaría e cabalería: Eduardo Blanco Linares

Promotores da exposición: Concello da Guarda; Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia; Deputación de Pontevedra

Audiovisual: Baixo Miño Estudios

Documentación histórica:

Arquivo de Jaime Garrido
Arquivo de Antonio Martínez Vicente
Archivo General de Simancas, Ministerio de Cultura, Archivos Estatales
Archivo Cartográfico y de Estudios Geográficos (Centro Geográfico del Ejército)
Archivo del Servicio Histórico Militar
Servicio Histórico Militar de Madrid
Ilustración Gallega Asturiana
Biblioteca Nacional de España
Torre de Tombo (Lisboa)
Biblioteca Nacional de Portugal
Biblioteca Nacional de Lisboa
Biblioteca de Porto
Museu do Forte da Ponta da Bandeira
Kulturhistorisk Museum
Museo del Prado
Hermitage Museum
Paço de Vila Viçosa

Se queres saber algo máis:

- Antunes, J. 1996. Obras militares do Alto Minho: A Costa Atlántica e a Raia ao servizo das Guerras de Restauración (MA thesis). Porto.
- Araujo, J. S. de 1644. Successos militares das armas portuguesas en suas fronteiras depois da Real aclamação contra Castella. Lisboa.
- Ávila y La Cueva, F. 1852a y 1852b (1995 Ed. facsimil). Historia Civil y Eclesiástica de la Ciudad de Tuy y su Obispado. Santiago de Compostela.
- Blanco-Rotea, R. 2013 (2nd Ed.). Trabajos arqueológicos realizados en el transcurso de la redacción del Plan Director de las Fortalezas Transfronterizas del Tramo Bajo del Río Miño. CAPA (Cuadernos de Arqueología e Patrimonio) 22. Santiago de Compostela.
- Blanco-Rotea, R. 2015. Arquitectura y paisaje. Fortificaciones de frontera en el sur de Galicia y norte de Portugal (Tesis doctoral). Vitoria-Gasteiz.
- Brandão, G. L. Da S. 1994 (Ed. facsimil 1758). Topographia da fronteyra, praças, e seus contornos, raya seca, costa, fortes da Provincia de Entre Douro e Minho. Porto.
- Cámara, A. (Coord.) 2005. Los ingenieros militares de la monarquía hispánica en los siglos XVII y XVIII. Madrid.
- Cobos, F. & Hoyuela, A. 2005. Metodología de estudio e intervención del Plan Director de las fortalezas fronterizas del Bajo Miño. Actas del III Congreso de castellología Ibérica. Madrid.
- Elliott, J. H. 1974. La Península Ibérica, 1598-1648. En Cooper, J. P. (Dr.) 1974. Historia del Mundo Moderno. IV. La decadencia española y la Guerra de los Treinta Años 1610-1648/69. Barcelona.
- Elliott, J. H. 1990. España y su mundo 1500-1700. Madrid: Alianza Editorial.
- Encicla, C. da 1945. História de Portugal Restaurado. 4 volumes. Porto: Livraria Civilização.
- Gandára, F. de 1970. Armas y Triunfos hechos heroicos de los hijos de Galicia por Fr. Felipe de la Gandara. Compostela.
- Garrido Rodríguez, J. 1989. Desconocimiento y abandono del patrimonio arquitectónico militar del Bajo Miño. Actas do 1º Congreso Internacional Gallaecia. Pontevedra.
- Garrido Rodríguez, J. 2001. Fortalezas de la antigua provincia de Tuy. Pontevedra. <http://fortalezas.valedomino.pt/gi/preambulo.html>
- Porras Gil, C. 1995. La organización defensiva española en los siglos XVI-XVII desde el Río Eo hasta el Valle de Arán. Valladolid.
- Rebello da Silva, L. A. 1860. Historia de Portugal nos seculos XVII e XVIII. Lisboa.
- Soraluce Blond, J. R. 1995. Castillos y fortificaciones de Galicia: la arquitectura en los siglos XVI-XVIII. La Coruña.
- VV.AA. 1880. La Ilustración Gallega y Asturiana. Madrid.
- VV.AA. 2008. Catalogación, Digitalización y Valoración de las Fortalezas Defensivas de la Frontera de Galicia Norte de Portugal. CADIVAFOR. Ferrol.
- White, L. 2003. Guerra y revolución militar en la Iberia del siglo XVII. Manuscrits, 21.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural



Concello de
A Guarda

CSIC
CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS

incipit
Instituto de
Ciencias del
Patrimonio

USC
UNIVERSIDADE
DE COMPOSTELA

INCRRISIS

**DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA**



Planta Alta



O Castelo de Santa Cruz na paisaxe fortificada do Baixo Miño



España

no

MIÑO

a guerra da restauração portuguesa



Portugal

A guerra na fronteira do Miño

No Baixo Miño xa existía unha tensión de poderes entre os monarcas e a nobreza rexional, sendo frecuentes as disputas territoriais durante os séculos XII e XIII. A realidade dos dous reinos buscou puntos de apoio para a súa estratexia de empoderamento político-administrativo, incentivando a construción de núcleos de poboación ao longo da marxe do Miño. As poboacións enfrontadas consolidáanse ao longo do tempo, as cidades amuralladas ou constrúense nelas un castelo propiedade do monarca.

Durante a época moderna comeza a transformación das vilas para adaptalas aos principios da nova fortificación abaluartada, e constrúense novas fortificacións para reforzar a súa defensa.

Na Raia Húmida a guerra foi descontinua e dependía das disponibilidades de persoal e material nos dous exércitos. Foi unha guerra con escasos medios e especialistas, cunha gran importancia da artillería, as armas de infantaría e os enxeñeiros, na que a arquitectura defensiva xogou un papel decisivo.

A Guerra da Restauración dura ata 1668, coa firma do Tratado de Lisboa, que supón o establecemento da actual fronteira. Portugal recupera Monção, Lapela, San Miguel dos Reis e São Pedro da Torre. Volven a Galicia as prazas da Guarda e Goián. Moitas das fortificacións de campaña destrúense e finalízanse as permanentes, sobre todo as portuguesas.



As cidades de Valença e Tui en época medieval
Livro das Fortalezas, Duarte de Armas (ca. 1507)



Sebastião I falece na Batalla de Alcazarquivir, sen deixar descendencia

Felipe II é recoñecido como soberano de Portugal nas Cortes de Tomar

Coa subida ao trono de Felipe III cobran importancia os *validos* no goberno do imperio

Nomeamento do Conde-duque de Olivares como valido da monarquía hispánica

Substitución do vicerreinado por unha xunta de gobernadores. Ascenso ao trono de Felipe IV

Asalto ao Palacio de Lisboa e deposición de Margarida de Saboia, gobernadora española. Estala a guerra. Subida ao trono portugués de João IV

Margarida de Saboia é nomeada gobernadora de Portugal

1642-1644: os portugueses conquistan Salvaterra, a modernízan e intentan ocupar a Barca de Goián. Neste momento existe un claro dominio portugués do conflito

Sublevacións populares en Evora e outras cidades portuguesas

Subida ao trono portugués de Afonso VI

1657-1659: nunha clara iniciativa española, recuperan Salvaterra, conquistan Monção e instálense nos arredores de Valença: constrúen o forte de San Luís Gonzaga, e ocupan a Guarda.

1661-1665: o exército español adéntrase en Portugal pola Serra da Peneda e da Bouliosa; os portugueses conquistan Goián, e ocupan a Guarda.


Ascenso ao trono hispánico de Carlos II

Recoñécese a independencia de Portugal

Fin do período da Restauración Portuguesa en 1750

Anexión de Portugal ao Imperio Hispánico

Guerra de Restauración Portuguesa



A Guerra no Baixo Miño

A fortificación abaluartada

Dende o século XV a evolución da artillería repercutirá na arquitectura militar, que evoluciona ata acadar unha fortificación que co menor número de homes resistise a unha forza máis poderosa.



Los juegos de la Fortificación, 1752
Pablo Minguiel e Yri
© Biblioteca Nacional de España


A fortificación abaluartada ten unha planta de polígono estrelado adaptada á topografía do terreo. Os seus obxectivos son resistir o impacto da artillería, minimizar os danos ocasionados polas balas, rapidez na construción e adaptación dos modelos ao terreo. Para isto, báixase a altura das murallas, substitúese a torre polo baluarte, emprégase cachotería en vez da cantaría e dótase de defensas exteriores.

Podían ser de dous tipos:

- Fortificación permanente: construída con pedra e ladrillo.
- Fortificación de campaña: de rápida construción, está realizada con terra e materiais perecedoiros.



Los juegos de la Fortificación, 1752
Pablo Minguiel e Yri
© Biblioteca Nacional de España



Castelo de Vila Nova de Cerveira
Livro das Fortalezas, Duarte de Armas (ca. 1507)


Na fronteira miñota existen dous modelos diferentes de fortificación: a medieval, baseada no emprego de altas murallas e torres, e a moderna, cun recinto poligonal que emprega o baluarte, do que recibe o seu nome.

Castelo: fortaleza antiga



Praza Forte de Valença
Vilaboa, 1778, © Biblioteca Nacional de Portugal

Praza Forte: fortaleza que contén a unha poboación, e a súa guarnición



Forte de Amorin
Relación topográfica de las plazas y puestos fortificados del Reyno de Galicia, 1800
Miguel de Hermosilla, dibujo de Josef la Fuente
© Archivo del servicio Histórico Militar

Fortaleza: preparada para a guerra moderna baseada na artillería. Non é visible ata estar encima dela.

Forte: fortaleza de pequeno tamaño; se é moi pequeno chámase Fortín.

Obra coroada: obra exterior engadida a un forte protexendo o acceso.

Plataforma ou batería: con troneiras nos fronts, defende lugares inmediatos ás fortalezas.



Reduto: defensa cadrada con foso, parapeto e terraplén


Los juegos de la Fortificación, 1752
Pablo Minguiel e Yri
© Biblioteca Nacional de España

A artillería nos séculos XVI e XVII


Incorpórase a artillería aos sistemas defensivos.

Existían unha gran cantidade de calibres e tipos de pezas. Cada reino contaba cos seus propios centros produtores. No século XVI nacen dous tipos de artillería:

- as culebrinas (*Sacre, Verso e Falconete...*) caracterizábanse pola súa gran boca de fogo, fundido dunha soa peza, e eran de mediano e pequeno calibre.
- os canóns (Medio, Tercio e Cuarto de canón...), de menor tamaño, posuían unha maior potencia de fogo e consumían menos pólvora.




Peza de artillería
1725, Archivo General de Simancas
© Ministerio de Cultura, Archivos Estatales



Los juegos de la Fortificación, 1752
Pablo Minguiel e Yri
© Biblioteca Nacional de España

Os avances neste momento son:

- a técnica de fundición posibilitou unha produción semi-industrial. As pezas de bronce resultaban máis seguras e non oxidaban. As de ferro eran máis baratas e facíanse máis rápido.
- a morfoloxía das pezas cambia. A culata cégase, cargándose pola boca. Incorpóranse dous muñóns para fixar a peza á cureña e facilitar o xiro, e engádense dúas asas para facilitar a desmontaxe e transporte.
- as cureñas dótanse de rodas para transportalas con facilidade durante as operacións militares, e empréganse pezas lixeiras tiradas por cabalos.



Fragmento dun debuxo extraído de Planillas das Peças do Reyno de Portugal, Niccolò de Langres, 1652
© Biblioteca Nacional de Lisboa

A fortificación no século XVII

A infantaría

Organizábase en terzos distribuídos en compañías de soldados profesionais. Nas batallas formaban en escuadróns: nas liñas exteriores situábanse os piqueiros para frear as cargas de cabalería; rexeitado o asalto, os fusileiros situados nos primeiros postos facían fogo sobre o inimigo.

Esta organización táctica volveuse inoperante a mediados do s. XVII cando as armas de fogo e artillaría comezan a mellorar a súa efectividade, posibilitando máis disparos en menos tempo e a maior distancia.

O uso conxunto de armas de fogo e armas brancas foi unha realidade ata o s. XIX. As armaduras metálicas irán deixando de usarse para gañar mobilidade e pola súa ineficacia ante as armas de fogo. O casco (*Morrión Borgoñota*) e o peito (*Coselete*) seguirán sendo utilizados por infantés e piqueiros, pero arcabuceiros e mosqueteiros pronto renunciaron a eles.

Os principais elementos da indumentaria eran as armas e complementos como o peto de coiro de búfalo. Os fusileiros levaban uns contedores de pólvora chamado "Los doce apóstoles". A capa ou capote, o sombreiro de ala ancha (chamberg) e as botas de cana eran representativos do soldado español. O exército carecía de uniformes e, para poder identificarse usaban bandas, aspás e faixas de cor vermello sobre a súa vestimenta. Non será ata finais do s. XVII cando se comeza a empregar casacas dunha cor preestablecida.

Mosqueteiros

O mosquete era unha arma de máis alcance que o arcabuz, aínda que pesaba máis. Daba maior potencia de fogo ás compañías de escopeteiros.

Piqueiros

Usaban lanzas, principalmente, para frear as cargas de cabalería. A pica superaba os 5 m e pesaba uns 5 kg. Remataba cunha folla de aceiro chamada *moharra*.

Arcabuceiros

O arcabuz era unha arma de fogo composta por un tubo metálico montado sobre un armazón de madeira cun mecanismo de disparo moi simple.



Debuxos: © Eduardo Blanco

A cabalería

A cabalería ocupa un papel secundario nos séculos XVI e XVII. Os destacamentos a cabalo actuaban en operacións militares onde requiríase rapidez para realizar asaltos e operacións de castigo ao inimigo.

Coiraceiros


Usaban una coiraza para protexerse e combinaban as armas de fogo coa espada. Nos enfrontamentos contra a infantaría empregaban a *caracola*, manobra que consistía en enfrontar as súas liñas ao inimigo, disparar e saír da zona exposta.

Lanceiros

Eran xinetes acorazados que empregaban unha lanza para romper as formacións da infantaría.

Arcabuceiros a cabalo

Tiñan como armamento principal o arcabuz, e usaban a espada e pistola durante o corpo a corpo. Podían combatir tanto a pé como a cabalo, en operacións combinadas coa infantaría, en labores de recoñecemento, escolta ou correo. As proteccións metálicas pronto foron substituídas polo peto de coiro e sombreiro.



O exército español no século XVII

Denomínase "Raia" á fronteira entre España e Portugal. A Raia Húmida é o espazo no que o río Miño separa Galicia e Portugal e recibe o nome de Baixo Miño (Vale do Minho en Portugal). A Raia Seca é o resto da fronteira.

Os últimos 70 km do Miño forman a fronteira galaico-portuguesa. O río desemboca entre Caminha e A Guarda formando un amplo estuario con moitos arenais e pequenas illas.

Este espazo ten un grande interese patrimonial e medioambiental, pois conta con diversas áreas de grande importancia ecolóxica actualmente protexidas.



O Miño é navegable ata Tui, aínda que tamén podíase chegar a Monção. A partir de aquí o río estreitábase e proliferan os afloramentos rochosos, discurre máis encaixado e aumentan os meandros. Na imaxe, Valença antes da remodelación das súas defensas. Livro das Fortalezas, Duarte de Armas (ca. 1507)

O relevo do último tramo caracterízase pola diversidade e a fragmentación, no que combínanse o val do Miño e os vales perpendiculares a el dos ríos Deva, Temes, Tea, Louro e Tamuxe, en Galicia, e Trancoso, Mouro, Gadanha ou Coura en Portugal. Pechan o val do Miño polo norte e o sur serras montañosas que alcanzan os 1.000 m de altitude. A orografía da zona fai que existan unha serie de atalaias naturais que empregáronse para o control do territorio, como o Monte Trega ou o Aloia, en Galicia, e os montes Espiga, San Paio ou Gois en Portugal.



A Guarda



Caminha



Goián



Vila Nova de Cerveira



Tui



Valença do Minho




Salvaterra



Monção

Existe unha correspondencia entre as poboacións a ambos lados do Miño: nos lugares nos que hai pasos de barcas están enfrontadas, como na Barca de Goián-Vila Nova de Cerveira, Tui-Valença ou Salvaterra-Monção. Cando cambia a morfoloxía do terreo, existe unha separación entre estas poboacións, como entre A Guarda e Caminha, separadas polo Monte Santa Trega, ou Melgaço e Crecente onde o río Miño encáixase e dinamiza o seu trazado.



Villa nova de Cerveira Esta situada sobre las márgenes del Rio Miño. Esta fortificada a la moderna con bastiones y medio bastiones y hacia el río estubo levantado cuatro fuertes con sus comunicaciones a dicha Villa por un río de socorro llamado de Boca y puente de Alto.


Plano das fortificacións construídas por Portugal en Goián
 Praça Régia de Portugal (Helder Reis), António
 © Servizo Histórico Militar de Madrid

Estas correspondencias influirán na construción en época moderna dunha serie de conxuntos fortificados, ben pola existencia desta rede de poboamento previa, duns sistemas defensivos precedentes ou da propia articulación do territorio.


O Miño é a fronteira natural entre a provincia de Pontevedra en España e o Alto Minho en Portugal



O tramo entre Tui e A Guarda está declarado como Espazo Natural Protexido dentro da Rede Natura



Perdiu xa a súa condición militar, fortes como o de Lavelle, teñen unha segunda vida como reclamo turístico
 © Terra Antigos




Valença sigue sendo unha das principais entradas ao norte de Portugal

O espazo xeográfico da Raia Húmida

En 1663 o exército portugués cruza o Miño por Goián, aséntase nesta vila e fortifícanla. O exército galego contesta coa construción dun forte en Medos para cortar o paso cara a Tui. Cando os portugueses avanza hacia á desembocadura, os galegos deciden fortificar A Guarda, construíndo o Castelo de Santa Cruz.

O forte atribúese aos irmáns Carlos e Fernando Grunenberg e levántase entre 1662 e 1664. Trátase dunha fortificación permanente, realizada en cachotería de gran tamaño, cos muros inclinados, parapetos na zona alta e garítas nos baluartes. Estaba rodeado por un foso seco, catro medias lúas realizadas en terra que protexían as cortiñas, camiños cubertos e un glacis. Ten dúas portas, e no interior estaban os cuarteis, almacéns, capela, forno, pozo, carnicería e Casa do Gobernador. O forte contaba con 10 pezas de artillería, 1.700 infantes e dúas compañías de cabalos.



As plantas dos fortes adaptálabanse ás irregularidades do terreo



As garítas permitían o control do entorno e protexían aos soldados

O exército portugués chegou á vila o 12 de novembro de 1665, apostáronse nela e comezaron o asedio. Os guardeses refuxiáronse no forte. O sitio durou oito días. Na noite do 19 ao 20 de novembro penetraron nos camiños cubertos e atacaron o forte dende tres fronteas. Aloxados ali os *terzos principiaran a picar a muralha, último desenganho, que obrigou aos sitiados a fazerem chamada, que se lhes admitiu*. O 20 de novembro o gobernador Jorge de Madureira con 600 soldados e 500 auxiliares, ríndese e entrega o forte ao mestre de campo Baltasar Fagundes. A conquista era importante xa que dominaba o acceso dende o mar e dende o norte polos vales de Valmiñor e O Rosal, cara a Goián e Tui e *librava de hostilidades o porto de Caminha*.

Para defender o porto constrúen ese mesmo ano a Atalaia, que tiña foxo e estacada. En 1668 firmase o Tratado de Paz e devólvese o forte a España.



Planta do forte antes da súa venda por subasta pública
Plano del fuerte de Sta. Cruz de la Guardia y terrenos adyacentes que le corresponden, 1854
Ramón Madrazo y Olaso, 1854
Propiedad de Antonio Martínez Vicente




En 1774 tiña cuarteis, casa para o Gobernador, dependencias en mediano estado de conservación e seis canóns. Mandáboo un gobernador militar e tiña como guarnición parte dos terzos de Tui. O 5 de febreiro de 1809 durante a invasión francesa, as tropas do Xeneral Merlé tomaron A Guarda e instálanse no Forte ata o 19 de marzo, tras a súa capitulación.

Permanecerá en mans do Estado ata a súa venda por parcelas en 1860. Un dos propietarios que adquiriu o forte, D. Ángel González Sobrino, restaura as murallas, moderniza a parte interior e habilita outros sectores para cultivos. A principios do século XX instálase dentro a fábrica de cerámica Santa Cruz, propiedade de D. Juan Antonio Lomba Álvarez, proveedor da Casa Real. No ano 2000 o forte pasa a mans da Xunta de Galicia, e recupérase como lugar patrimonial e cultural da vila da Guarda.


Hoxe en día os edificios do forte non se conservan, e parte do foso, medias lúas e glacis foron ocupados por edificacións contemporáneas e peches de fincas. No lado norte aínda pódese ver a media lúa de Sibidán e o foso que rodeaba o forte.








Os fosos, medias lúas, glacis... do exterior do forte tiñan que estar limpos de maleza para que non serviran de abrigo ao inimigo



Estado actual da praza de armas sen os cuarteis da guarnición



O Forte



Imaxes da vida cotiá da poboación guardesa. Fotografía: R. Buch 1870. Arquivo: Antonio Martínez Vicente

A vila na paisaxe

A Guarda é una vila mariñeira situada nunha zona chaira que se atopa entre os Montes Santa Trega e Torroso. Estos forman parte das últimas estribacións da Serra da Groba, que discorre paralela á costa atlántica. A vila vólvese ao mar abrazando unha pequena enseada.

A súa situación topográfica influíu nas súas defensas en distintos momentos históricos. A Guarda atópase nunha vía de entrada ao interior de Galicia, tanto polo Miño como a través do mar. É tamén un lugar de paso que comunica as vilas do Miño con outras poboacións da costa, como Oia, Baiona ou Vigo. Esta é unha das vías medievais que discorría en sentido este-norte bordeando polo sur e oeste a elevación na que se emprazará o Forte de Santa Cruz.



2008



ca. 1930-1940

A Guarda, onte e hoxe. Fotografía descoñecida. Arquivo: Antonio Martínez Vicente

Historia da vila

O seu nacemento debeu ser similar ao de Baiona, nun lugar ao que acudirían os habitantes dos castros veciños para desenvolver as súas actividades pesqueiras e comerciais. Dende finais do século XII debeu ter carácter de núcleo urbano.

O xurdimento dos núcleos urbanos no bispado de Tui deben relacionarse co aproveitamento da riqueza pesqueira e dos intercambios comerciais, e tamén coa defensa do territorio, nun momento no que créase e consolídase o veciño reino portugués.


A primeira alusión á vila data de 1195. A Guarda pertencerá ao Cabildo de Tui dende 1125 ata principios do século XIX, cando cesan todos os señoríos de España: *el Señorío de la Villa de la Guardia con su termino coto y alfoz fue dado p.r el Rey D.n Henrique 2.º al Obispo y Cabildo de Tuy p.r los años de 1370 [...]* En cuya posesion estuvo Obispo y Cabildo hasta el año de 1811.

As referencias á vila durante a guerra da Restauración teñen que ver con ataques puntuais ou co pertrechado de barcos no porto guardés para atacar ás poboacións portuguesas. O gobernador Portugués Gastão Coutinho, ordeou queimar a vila en 1641 enviando barcos dende Viana, pero tiveron que voltar debido ao mal tempo. A necesidade de defender a vila fai que en 1665 constrúase o Forte de Sta. Cruz.



O Monte Torroso domina a vila polo norte
Fotografía descoñecida. Arquivo: Antonio Martínez Vicente

A Vila de A Guarda



Idade do Ferro

As primeiras fortificacións que coñecemos na Guarda son os castros da Idade do Ferro. Eran pequenas aldeas protexidas por foxos, murallas e parapetos, con boa visibilidade e fácil acceso ás zonas baixas, que irán evolucionando co paso do tempo.

Nun primeiro momento adoitaban situarse en outeiros moi prominentes, nos que a defensa estaba definida máis polo seu emprazamento que polas súas estruturas defensivas. Co incremento do comercio cos cartaxineses do Mediterráneo, achéganse máis aos fondos de val. Prodúcese unha maior complexidade social. Comezan a aparecer os grandes castros, auténticas cidades que chegaron ás 20 hectáreas. O Trega debeu beneficiarse da súa posición estratéxica para controlar o acceso ao Miño, naquel tempo unha importante vía comercial.



Trama urbana do castro de Sta. Trega

Idade media

Neste período temos escasa información da vila amurallada: algunhas referencias documentais, os restos dunha posible muralla e unha torre. Cóntanos Ávila y La Cueva que en 1852 *devisase en la actualidad en lo interior de esta Villa una muralla que segun su tosca construcion demuestra gran antigüedad, la qual está tan introducida y confundida con las casas y edificios del pueblo que apenas se percive [...] en algunos sitios conserva una altura regular, y en otros muy poca, no es demasiado fuerte, su forma es circular [...] parece habia solo dos puertas una al costado que mira ala refenda montaña, y baja por muchas escaleras acia el convento de religiosas, y de alli ala mar [...] el terreno que comprende dentro la indicada muralla es reducido, tiene pocos vecinos, y ningún templo, ni se halla noticia lo haya tenido en jamas [...]*



Grabado de A Guarda. Avenheiro, © Ilustración Colegio Aburiana, 1979

Idade moderna

Paulatinamente o núcleo urbano foi estendéndose fóra da cerca medieval. Durante a Guerra da Restauración resulta insuficiente a protección que ofrece a muralla á poboación, polo que é necesario reforzar as defensas con novas construcións. Comenta Ávila y La Cueva que non será ata o reinado de Felipe IV que se atenda á necesidade de fortificar e poñer en defensa a vila, *construindo un castillo con sus fosos y estacadas en un alto allí inmediato que domina el pueblo, y le tuvo de coste doce mil ducados segun refiere el M. Gándara [...] el qual se intitula hoy en día de Sta. Cruz [...] no que viviria o Gobernador coa súa guarnición militar; e nos montes do entorno situaranse garitas e fachos dende os que vixiar as entradas á vila por terra e mar. Durante a ocupación portuguesa erixese unha atalía no porto que protexe a entrada dende o mar.*

pequenas aldeas fortificadas en zonas altas

I Idade do Ferro: pequenas aldeas fortificadas en zonas altas

II Idade do Ferro: aldeas fortificadas en zonas baixas

III Idade do Ferro: aldeas fortificadas e cidades (Oppida)

Entrada de Roma no noroeste: cidades amuralladas e campamentos militares

Abandono dos castros: asentamentos nos fondos de val en poboados abertos

Entrada dos Suevos na Gallaecia: vilas e cidades amuralladas

Alta Idade Media: vilas de sociedades campesinas

Plena Idade Media: castelos e vilas amuralladas

Baixa Idade Media: castelos e cidades amuralladas

Principios da fortificación abaluartada debido ao desenvolvemento da artillería

Idade Contemporánea: supresión de murallas nas cidades

Presente

Idade do Bronce

Idade do Ferro

Idade Media


Idade Moderna



A evolución das fortificacións en A Guarda



Estos son os conxuntos defensivos nos que se articulan as diferentes fortificacións e entidades fortificadas situadas en torno aos pasos de barca do Miño ou a lugares de tránsito, como no caso de Extremo. Estes conxuntos responden a unha lóxica defensiva relacionada coa articulación do territorio na Idade Media.



Diversos planos históricos das fortificacións do Miño
Conxunto Salvaterra-Monção 1788

O Baixo Miño - Vale do Minho fortificado



A presenza do Trega impide ver o país veciño e a desembocadura dende A Guarda, polo que se creou una rede defensiva máis complexa para o control do territorio.


"Facho" designa un lugar elevado no que se acendían fogueiras ou luminarias para guiar aos mariñeiros ou para dar avisos. O Facho do Monte Santa Trega servía para comunicar de maneira indirecta as fortificacións da vila da Guarda coas da desembocadura. Do mesmo xeito, probablemente existiría outro facho ou vixía entre Caminha e o Forte da Ínsua para comunicar-se.



A garita do Monte Torroso cumpriría funcións de vixilancia: segundo documentos de 1779 e 1810 había unha garita neste monte.



A Atalaia é un emblema da Guarda que figura no seu escudo dende 1844. Foi derruída a mediados do século XX para ampliar o porto. Hoxe en día existe una réplica na Punta Xenete destinada a Museo do Mar.



Ao comezo da guerra a vila da Guarda estaba mal protexida. Os portugueses realizan unha intentona fallida para queimala. Na desembocadura constrúen O Forte da Ínsua no lado portugués e o reduto de Camposancos.

En Caminha iníciase a remodelación das súas defensas.

En 1663 o exército portugués cruza o río por Goián. Cando avanza cara á desembocadura, os galegos constrúen o Castelo de Santa Cruz. En 1665 os portugueses asedian e conquistan A Guarda. Para defenderse por mar constrúen a Atalaia. Permanecen aquí ata o remate da guerra, no que será devolto a España.

Tras a guerra remátase a remodelación defensiva de Caminha.



Para impedir o paso dos barcos río arriba, fortifícase a desembocadura. O reduto de Camposancos foi destruído en varias ocasións durante a guerra e non se conserva. Existen varias hipóteses sobre a súa localización. Esta corresponde a súa disposición nun proxecto da época.



A vila medieval de Caminha
Livro das Fortalezas, Duarte de Armas (ca. 1507)

A Praça Forte de Caminha xa era na Idade Media unha das poboacións máis importantes do Alto Miño. Componse de dous recintos: a propia fortaleza, que envolve as defensas medievais e incorpora o casal que crecera extramuros. O segundo recinto é unha defensa exterior chamada Forte de São Rodrigo, que alberga, entre outros, o convento das Freiras de Santa Clara.



Debuxo de Caminha e a desembocadura
Viagem de Medicis, Pier Maria Baiaci (1658-1659)




Hoxe consérvanse poucos tramos das defensas de Caminha en bo estado, a maior parte están arrasadas polo crecemento urbano. O Forte da Ínsua está ben conservado. A Atalaia da Guarda foi derruída a mediados do século XX para ampliar o porto, e da Garita e o facho non se conserva nada.




Carta náutica da costa guardesa e desembocadura
Antonio Alcalá Casano, 1810
Biblioteca Nacional de España



Castelo de Santa Cruz
Terra Antiqua



O Forte da Ínsua alberga un convento do s. XV
Terra Antiqua



Praça Forte de Caminha
Gonçalo Silva Brandão, 1758

A Guarda

Caminha




Entrada do Forte de San Lourenzo de Goián

Conxunto fortificado de Goián
 Publicado a Request da Lenda (1664)
 © Biblioteca Nacional de Portugal



Ao inicio da guerra Vila Nova de Cerveira era un castelo medieval do século XIII. Os galegos reforzan a pequena torre señorial dos Correa, construíndo o Forte da Barca.

En 1643 os portugueses intentan ocupar a vila da Barca de Goián sen éxito.



En 1663 os portugueses toman A Barca de Goián e establecen unha cabeza de ponte en territorio inimigo: derruban o Forte da Barca e constrúen a fortaleza de Nosa Señora da Concepción e o Forte das Chagas. En Portugal constrúen a praça forte en torno ao castelo de Cerveira, a Atalaia do Espírito Santo e a trincheira do Castelhino. No outro paso de barcas constrúen a Torre dos Ratos e o forte de Lovelhe en Portugal.

Por parte española constrúese o Forte de Medos coa intención de cortarles o paso cara a Tui.



Unha vez rematada a guerra arránsanse moitas fortificacións para evitar que caian en mans inimigas. España recupera o territorio ocupado e comeza a construción do Forte de San Lourenzo en 1672.

Hoxe, o estado de conservación das fortificacións deste conxunto é moi irregular: o Castelo medieval de Vila Nova de Cerveira aínda se conserva, pero apenas as defensas construídas durante a guerra; outras fortificacións foron derruídas pero, en xeral, as construídas en terra están moi arrasadas.



Vila Nova de Cerveira



Forte de Lovelhe
 Vila Nova de Cerveira, Lovelhe e Goián. Conxunto Silva Brandão 1753



Dende este conxunto exercece un control directo dos pasos de barca sobre o Miño e das vías que discorren en paralelo ao río por ambos territorios. O exército portugués entra por Goián, aséntanse e fan diversas incursións en Galicia, como no caso da Guarda.



O Forte de S. Lourenzo controla o paso de barcas con Vila Nova
 © Terra Arqueros



O Forte de Medos está alterado por cultivos agrícolas
 © Terra Arqueros




Praça Forte de Vila Nova, moi alterada polo crecemento urbano
 © Terra Arqueros



Forte de Lovelhe, dominando o Miño e o paso de barcas
 © Terra Arqueros

Goián

V. N. de Cerveira



Plano das novas fortificacións da cidade de Tui.
Marqués de Buscador, 1663. Arquivo do Servizo Histórico Militar





Tui. Viaxe de Medici, Pier Maria Baldi, 1659



Tui on the R. Minho, from the ramparts of Valença.
Wivan George, 1638



A pesar do paso do tempo aínda pódese intuír o trazado das murallas de Tui




Este conxunto artículase en torno a dous pasos de barcas, sobre todo o situado entre Tui e Valença, un importante paso histórico entre Galicia e Portugal. Estas cidades posuían unha muralla que en época medieval envolvía á poboación.

O conxunto forma un sistema complexo que agrupa dous conxuntos máis pequenos: o de Amorín-São Pedro da Torre e o de Valença-Tui.

En 1657 o exército español cruza o Miño e constrúe o forte de San Luís Gonzaga, e en Galicia o de Amorín para protexer o paso. Os portugueses responden coa construción do Forte de São Jorge da Silva e unha liña defensiva composta de nove atalaías e fortíns "a tiro de canón" unidos por trincheiras e fosos feitos polos paisanos. En Tui constrúese inicialmente un pequeno fortín. A fortificación moderna da vila proxéctase como unha ampliación do recinto medieval, incorporando as construcións que crecieran extramuros.

Valença modernízase a partir do recinto medieval que rodeaba a "Vila Velha". Entre 1647 e 1657 os ataques a Valença son constantes. Ábreanse unhas trincheiras na elevación do Bom Jesus onde en 1662 construírase o recinto da Coroada. Para protexer a vila levántanse unha serie de fortes, baterías e cuarteis, dos que coñecemos o Forte de Granda, o da Balagota ou o Fortim de Nossa Senhora da Cabeça.



Vista de Valença e Tui
Lenda das Fortalezas, Duarte de Armas (ca. 1607)

Ao remate da guerra contiñúanse as obras de modernización das defensas de Tui e Valença, que se prolongan durante o séculos XVIII e XIX. Valença é a praça forte máis complexa e mellor conservada da fronteira luso-galaica. En Tui a muralla consérvase de maneira moi intermitente, xa que perdéronse importantes tramos da mesma.

As fortificacións deste conxunto son de campaña e terreiras, unicamente as prazas de Tui e Valença son permanentes. O conxunto chega a nós incompleto, xa que a pesar das referencias documentais, non se localizaron moitas fortificacións por estar arrasadas por labores agrícolas e o crecemento urbanístico.



Praça Forte de Valença
Gonçalo Silva Brandão 1758



Valença vista dende Tui



Revelin protexendo unha das portas de Valença



Baluarte en Tui



Restos da muralla de Tui



Revelin protexendo unha das portas de Valença



Forte de S. Jorge da Silva



Forte terreiro de Belém




Fortaleza terreira de Amorín, tomada pola vexetación



Forte terreiro da Granda, coa súa característica forma de polígono estrelado

Tui

Valença



Plano das fortificações de Salvaterra, 1646
 © Arquivo Geral da Simancas



Este conxunto artícuase en torno a tres pasos de barca, dous entre Salvaterra e Monção e outro en Porto-Lapela. A súa funcionalidade principal é o control das vías de tránsito terrestres e fluviais e dos pasos sobre os ríos Miño e Tea, este último en Galicia.

Antes da guerra as únicas fortificacións existentes son o Castelo do Conde en Salvaterra, a vila medieval de Monção e, no outro paso do río, o castelo medieval de Lapela.



En 1643 os portugueses ocupan Salvaterra e inician a modernización das súas defensas. Os portugueses dominan os pasos de barcas, controlando o Miño, que é navegable ata aquí.

Os galegos poñen en marcha unha estratexia envolvente: constrúen os fortes de Santiago de Aitona e da Estrela, e instalanse sobre o río Tea, construíndo un forte e reempregando un sistema de trincheiras e fosos dunha explotación aurífera de época romana para cortar o paso cara a Tui.

No outro paso do río edifican o reduto de Porto fronte ao castelo portugués de Lapela. Este reduto será desmantelado en varias ocasións polos portugueses.



En 1656 comezan as obras de modernización das defensas de Monção. Tras intentar conquistar Valença, os españois dirixense a Lapela e a toman en 1658. Durante o cerco a Monção o exército español constrúe once fortes terreiros e tres cuarteis.

Tras caer Monção en 1659 recuperan Salvaterra e destrúen a maior parte das fortificacións que están en territorio galego para evitar que caeran novamente en mans do exército portugués.




Tras a guerra remátanse as obras da Praza Forte de Monção. Este conxunto componse de tres fortificacións permanentes: Monção, Salvaterra (bastante afectadas polo crecemento urbano) e a Torre de Lapela; e de varias fortificacións de campaña terreiras.

A maior parte foron destruídas durante a guerra ou polas posteriores transformacións do territorio e afeccións urbanísticas, polo que chegaron a nós en moi mal estado de conservación ou non se documentaron.



Plano de Monção
 Vilaboa, 1712, Biblioteca Nacional de Portugal



Castelo medieval de Lapela
 Livro das Fortalezas, Duarte de Armas (ca. 1507)



Porta da Praza Forte de Salvaterra




Murallas de Salvaterra no entramado urbano




Murallas de Monção enfrontadas ao Miño



Do Castelo de Lapela so queda a torre de homenaxe




Salvaterra vista dende Monção



Pasos de barcas con Monção no outro lado do Miño



Castelo do Conde de Salvaterra na zona este do recinto



Aspecto actual do foso fóra do recinto



Planco dun baluarte ben conservado



Cortíña enfrontada ao río


Salvaterra

Monção

Como é a paisaxe fortificada miñota?


Esta paisaxe supón a suma de varios conxuntos defensivos que aglutinan unha serie de fortificacións, vías, pasos e estruturas de control como fachos, e do espazo físico constituído por ambas marxes da ribeira do Miño e as cadeas montañosas que as pechan polo norte e o sur. Este río supón a vía principal de tránsito, un elemento transversal á paisaxe analizada, co que se relacionan todos os conxuntos agás o de Extremo.

Dos oito conxuntos definidos, cinco teñen fortificacións a ambos lados do Miño e interactúan con el de forma directa. A maior parte dos conxuntos artíciulanse en base a dúas poboacións enfrontadas en ambas as dúas marxes do río. Ademais, os conxuntos localízanse en nós viarios dentro da vía fluvial do Miño, as vías terrestres e os pasos de barca.



Cada conxunto relaciónase, ademais, coas unidades territoriais ao longo do Miño, como exemplo a cunca fisiográfica que conforma a zona de Goidán-Vila Nova de Cerveira, pechada ao norte pola Serra do Argalo e ao este-sur-oeste polas serras de Gávea e Salgosa, de xeito que as fortificacións e entidades construídas controlan estes espazos. Por outra banda, manteñen unha relación visual e espacial cos conxuntos precedente e seguinte, a través dos fachos ou de pequenos postos de viviancia, de xeito que o control esténdese á totalidade da paisaxe.

O Convenio Europeo de Paisaxe (20 de outubro de 2000, BOE 2008) entende este como "calquera parte do territorio tal como a percibe a poboación, cuxo carácter sexa o resultado da acción e a interacción de factores naturais e/ou humanos". A paisaxe cultural é o resultado da acción humana sobre o espazo físico.



Unha paisaxe fortificada é unha paisaxe cultural na que se insire un tipo de arquitectura cuxa organización responde a unha estratexia defensiva concreta, polo que organizábase nun ou varios sistemas defensivos. O Plan Nacional de Arquitectura Defensiva considera que "A arquitectura defensiva forma parte indisoluble da paisaxe cultural na que se insere e á que caracteriza. Os elementos que compoñen esta arquitectura están relacionados entre si dentro desa paisaxe e, en consecuencia, deberán ser tratados como agrupacións completas de sistemas xerais defensivos, con metodoloxía similar."



Paso de barcas entre Salvaterra e Monção

Ponte de Mouro, Portugal



No conxunto de Extremo, os fortes da Pereira e Braganđelo protexían o acceso ao interior de Portugal dende o norte. Manteñen unha relación visual a longa distancia con Monção e o río Miño



Fortes e trincheiras desaparecidas de Campos, construídas durante o cerco portugués ao Forte de S. Luis Gonzaga



A paisaxe fortificada